



Bases do IX Concurso de Disfraces

1ª OBXECTO: Coas presentes bases regulase o concurso de disfraces do Entrudio 2023, promovendo a participación da veciñanza e conservando a nosa tradición, co fin de difundir e poñer en valor o Entrudio.

2ª REQUISITOS PARA A PARTICIPACIÓN: Para participar é requisito indispensable anotarse antes, comunicándollo de 19:00 horas a 20:00 horas no mostrador da Degustación do porco ó espeto. Será necesario especificar o nome do grupo que se representa, a que categoría se presenta e o nome dun dos participantes.

Será obrigatorio participar no desfile que se celebrará o día 20 de Febreiro de 2023 durante a festa, a partir das 22:00 horas, para formar parte do concurso de disfraces.

3ª MODALIDADES: Establécense as seguintes modalidades nas que poderán inscribirse os/as interesados/as:

- a) Categoría de grupos: Un conxunto de persoas de máis de 2 persoas representando un mesmo motivo.
- b) Categoría individual ou parella infantil: Individual ou grupo formado por 2 nenos/as con idade menor ou igual a 12 anos.
- c) Categoría individual ou parella adultos/as: Individual ou grupo formado por 2 persoas con idade maior de 12 anos.

4ª PREMIOS: Para as modalidades ditas anteriormente optarán aos premios que se detallan a continuación:

- a) Categoría de grupos que engloba tanto a adultos como a nenos:
 - 1) **1º PREMIO: 150,00€**
 - 2) **2º PREMIO: 100,00€**
 - 3) **3º PREMIO: 70,00€**

- b) Categoría individual ou parella adultos:
 - 1) **1º PREMIO: 120,00€**
 - 2) **2º PREMIO: 90,00€**

c) Categoría individual ou parella infantís:

- 1) **1º PREMIO: 80€**
- 2) **2º PREMIO: 50€**

5ª COMITÉ DE ORGANIZACIÓN E XURADO: O Xurado avaliará no intervalo de 1 a 10 puntos os diferentes aspectos para cualificar os disfraces de todas as categorías:

- Vestiario
- Maquillaxe
- Traballo feito a man
- Emprego de materiais de refugallo
- Orixinalidade
- Simpatía

As cualificacións dos distintos aspectos serán determinados polo Xurado do concurso que estará composto por:

1. **María Josefa Fernández Pérez** – Veciña e empresaria de Vilariño de Conso
2. **Concepción Estévez Barja** – Participante do Fulión de Carracedo da Serra
3. Un/Unha cantante do grupo Assia.

A decisión derivada da aplicación dos criterios de avaliación do xurado é inapelable, podendo incluso declarar deserto un ou máis premios, no caso de que ningún dos disfraces reúna os méritos suficientes.

6ª ENTREGA DE PREMIOS A entrega de premios terá lugar o mesmo día de celebración do concurso, unha vez feita a avaliación polo Xurado.

7ª ACEPTACIÓN DAS BASES O feito de participar no concurso implica o coñecemento e aceptación das seguintes bases, polo que non poderán impugnarse unha vez formalizada a inscrición.

8ª OBSERVACIÓNS

A mesma persoa non poderá participar en máis dunha categoría.

Queda totalmente prohibida a utilización de animais.

Toda persoa participante que non acate as normas aquí expostas ou as dadas pola organización poderá ser descualificada e perderá o dereito a optar a calquera premio.

No caso de participar algún vehículo é responsabilidade do condutor dispor do seguro obrigatorio e a póliza de seguro de danos a terceiros (Responsabilidade Civil).

A Asociación Cultural “XUNTOS POLO FULIÓN”, non se responsabiliza dos danos que ocasionen os vehículos participantes, cuxa responsabilidade será dos representantes e das compañías aseguradoras contratadas por cada propietario de dítos vehículos.

En Vilariño de Conso, 2 de febreiro de 2023

A directiva da Asociación *“Xuntos polo Fulión”*

